



RESOLUCIÓN DE DECLARACIÓN DE ADQUIRENTES EN SEGUNDAS OU POSTERIORES TRANSMISIÓNS

EXPEDIENTE: C92010:19
SITUACIÓN: r/ Roma, B-1, 2A, Polígono das Fontiñas - SANTIAGO

Por resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de A Coruña de data 09 de abril de 2019 iniciouse o proceso de selección de persoas adquirentes en segundas ou posteriores transmisións en relación coa vivenda de promoción pública pertencente ao expediente C92010:19, ao abeiro do establecido no artigo 8 do Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, e no artigo 31 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, así como das acollidas a programas de acceso á vivenda con axudas públicas.

Co obxecto de seleccionar as persoas adquirentes para a dita vivenda, esta foille ofertada a través da páxina web do Instituto Galego da Vivenda e Solo ás persoas que, atopándose inscritas no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia na data da resolución de inicio do proceso, manifestasen por escrito o seu interese na adquisición no prazo de 15 días dende a data de alta na páxina web.

Consonte ao establecido no artigo 31 do citado Decreto 1/2010, o pasado día 18 de setembro de 2019 celebrouse sorteo ante notario entre as persoas que no prazo citado no parágrafo anterior presentaron solicitude de inclusión no procedemento de selección. Como consecuencia do dito sorteo e unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos para ser designado adquirente, a xefa territorial de A Coruña

ACORDA:

Declarar adquirente a don/a MARTÍN PIÑEIRO GONZÁLEZ (nº credencial 4991)

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpor recurso de alzada no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao de recepción da presente notificación perante a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, de conformidade co previsto no artigo 121 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A xefa territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda
Cristina Carrión Rodríguez
(Asinado electronicamente).

